



XV. CONCURSO DE RELATOS CURTOS

REPSOL - YPF

Primeiro Premio en Versión Galega

Título: "OS FILLOS DE MARÍA".

Autora: BIANCA CID BOUZAS.

Centro: I.E.S. ALFONSO X. O SABIO.

CAMBRE - A CORUÑA

AÑO 2.002

OS FILLOS DE MARÍA

Lema: Melissa

Hai xa moitos anos, máis dos que o lector e eu temos xuntos, na Portela de Airavella, unha pequena aldea de montaña ó leste de Allariz, tivo casa un matrimonio de labregos que deixou para todos a historia que aquí vou referir.

O home era un tipo benfalado, alto e rufo, de corpo veloso e mesmo cun dente de ouro que seica tiña o seu conto. No seu aspecto físico destacaba enormemente o seu nariz, longo e curvo, sobresaíndo esaxerado no medio e medio dunha cachola anabada e de pouco pelo. No tocante ás maneiras semellaba moi escrupuloso. Seica nunha ocasión, unha noite estrelecida, de xeadas e sen lúa, estando a comer o caldo, atopou nel un guedello e disque faltou dous días da casa. Eu penso que non foi para tanto, xa se sabe que a concurrencia esaxera demasiado os feitos. Que hai que ver canto cavila a xente no que non lle vai nin lle vén. Como ben di o meu avó, calquera pode facer unha hora dun pequeno minuto que non chega a ter nin trinta segundos. Unha hora para unha noite de inverno de meigas e lobos, para escoitar contos de mentiras e medo a carón da lareira sentindo rumar o vento. Silencio.

A muller, María, alcumada a *Saramaga*, pasaba por ser unha femia longa e enxoiada, de engaiolantes ollos calmos, rostro anenado e un aquel na súa fala impropio dunha parenta de aldea. María era honrada e de fiar, traballadora e sempre chea de ledicia, boa esposa e mellor nai de tantos fillos como tiña: trece. Oito eran homes, e os outros cinco, mulleres. O máis novo aínda non ía á escola, había cumprir cinco anos polo San Miguel. O máis vello, Henrique, andaría polos trinta e traballaba de acomodador no cine da vila, en Allariz.

Eran de comprender e de admirar todas as calamidades que tiveran que pasar María e o seu home para sacar adiante tal recua de bocas, xa que só vivían das leiras e dun rabaño de ovellas e cabras, non máis de cincuenta cabezas. A facenda do matrimonio completábase cuns porquiños, algunhas galiñas e coellos, e un burriño branco, moi xeitoso, que entendía por *Rogelio*.

A vida non lle daba ó matrimonio tempo para a esmorga. Non era casa de farturas: a carne de cabrito só se probaba o día da festa. Pero é certo que un día fixeron unha excepción. Foi polo quince do mes da seitura. Nesa data todos baixaron á feira de Allariz a comer o polbo e darse un respiro nas súas vidas, sempre tan activas e ocupadas para non pasar de pobres.

Polo rompente do día saíron de Airavella coa roupa dos domingos. Aínda había orballo nos lameiros e o vento bruaba lonxe, no abeledo, semellaba como se chamase pola xente asubiando unha canción. Sentiuse o oubeo de lobos máis alá dos penedos da Portela, pero non os oíron porque ían de leria. Dixen oír e dixen mal. Tería que dicir que non os escoitaron, pois unha cousa é oír e outra ben distinta, escoitar ou reparar. Pero volvamos ó conto.

Fiz e Uxía, os fillos máis novos do matrimonio, endexamais viran a feira. Unha feira que era unha festa, máis grande cá un día santo e con máis cousas das que podía haber nas casas todas. Unha feira de mostradores corridos, con tratantes entendidos e autobús para gando. Un barullo de homes, mulleres e nenos, de viño a correr e lambetadas a ver.

- ¡Cantas rosquillas e cantas galletas!

- ¡E hai roscóns e empanadas!

- ¡E homes con gravatas!

- Si. ¡Canta xente!

E aínda chegaría máis. Xa se sabe que a feira do quince de agosto é a máis importante do ano na Ziralla, que é o mesmo ca se dicimos Allariz, pero ó revés.

O campo da Barreira daba gusto velo. Había postos de froitas, de roupas, de quincalla... de xamón e touciños, de chourizos... Un home de anos, navalla en man, daba a probar anaquiños de queixo a quen os mercaba. Estaban os cacharreiros, os zapateiros... E o home que sabía de case todas as cousas. Moita xente.

- Miña nai, aquí hai moitas cousas -dixeron a un tempo Fiz e Uxía.

- Pois aínda habedes de ver máis.

Quedaban os animais. Toda a Barreira era un rechouchío de bestas: porcos, vacas, cabalos, burros, ovellas, paxaros, coellos, parrulos... cans e gatos. Os rapaces máis novos nunca tanta festa viran diante dos seus ollos. E non lles digo nada da sensación que lles produciu o cheirume tan agradable que chegaba das polbeiras. Non o fago porque penso que non a sabería explicar tal e como eles a sentiron. Pero sei que aquel polbo que comeron a fartar todos xuntos no alto da Barreira, entre o convento das clarisas e a igrexa de San Benito, lles soubo como a min me sabía a bica da miña avoa, a algo máis ca manxar de paraíso e viño de sete misas para sete bispos. Seino porque o sei.

Aquela xornada rematou co baile de mediatarde no Arnado, ás beiras do río Arnoia. E cando o sol estaba a piques de devalar, colleron camiño para Airavella, felices todos e contentos, cada quen polos seus motivos, particulares, personais e ata intransferibles.

Na mañá do día seguinte, o sol rompeu moi cedo, máis cedo cá de costume. O fillo de maior idade foi o primeiro en erguerse. Estaba sentado na mesa, derrafando no pan, cando chegou a súa nai, María.

- Miña nai, quero marchar para Cuba. Faloume o *Chisco*...

- Non digas nada, fillo -interrumpiu a *Saramaga* coa súa fala solermiña- Fai sempre o que sexa mellor para ti.

Aquela mesma semana, o maior dos trece fillos de María colleu a taleiga e saíu de Airavella camiño da Habana. Ó mes marcharon outros dous fillos do matrimonio, tamén para Cuba. Tres anos despois, só quedaban na Portela os pais e os tres herdeiros máis novos, que co tempo, tamén se irían. Todos se foron á emigración, á conquista de gloria en países alleos.

O home de María, aquela persoa benfalada e do dente de ouro, morreu algúns meses despois de marchar o seu último e derradeiro descendente. Na Portela de Airavella quedou soa María. Chea de lembranzas, pero soa, sen máis compañía ca solaina de pedra cara o sur, unhas habitacións baleiras e escuras, un quinqué de petróleo e o abanear do piso vello de táboas de castaño. Todos os carreiros estaban vestidos, metade de silencio, metade de memoria. O resto é tristeza, campás tocando a agonía. Un coitelo de agoiros rachaba nubes e anacos de lúa. E María sen un espello para mirar as engurras da vellez.

Pasaron os anos e cada día a correspondencia que recibía dos seus fillos era menor. Respiraba xa con dificultade, as forzas minguaban... O pedáneo da aldea tratou de poñerse en contacto coa prole da *Saramaga*. Tal fixo tamén o cura de Allariz. En ámbolos dous casos o resultado foi negativo. E pasadas as festas do Nadal, a señora María faleceu. Din pola Ziralla que foi de aglaio... Ningún dos trece fillos veu ó funeral, como tampouco viñeran ó do seu defunto pai e consorte de María. Así o conto, que así foi.

No máis triste dos abandonos, á *Saramaga* déronlle terra nun recuncho do cemiterio de Allariz, onde xa descasaban os restos do esposo que tanto amara en vida.

Pasaron anos e anos, case tanto como eu teño agora. E chegou o día, a primeiros do mes de Santiago, no que se presentaron en Airavella, de súpeto, todos os fillos de María. Xa non había pais, nin ovellas... Tampouco estaba *Rogelio*, o burriño branco, tan xeitoso el. Só quedaban

arañeiras e anaquiños de silencio chorando a berros. Só iso. E foron a Vilanova, o cemiterio da Ziralla.

Todos os que temos algunha relación directa con esta vila ourensá, sabemos que aquel día, no mesmo intre en que os fillos apareceron diante da tumba dos seus pais, naquela hora, milagrosamente, brotaron espontáneas trece margaridas silvestres arredor da sepultura. E mesmo, misteriosamente, as campás da media ducia de igrexas que hai en Allariz, cribaron ó vento, e a un tempo, trece badaladas que se deixaron sentir máis alá da aldea da Portela de Airavella.

Só Deus, que está neste relato no que lembro a vida de María, saberá o porqué deste suceso.